

Reunión : Asociación Profesional de Xestores Culturais

Lugar: Ágora

Día e Hora: 06/05/13 de 16.00 a 20.00 horas

Asistimos: Tono Galán e Pepe Lado

## NOTAS/IMPRESIÓNS

A cousa foi unha reunión coas xentes da cultura en relación aos importantes problemas que está a vivir e o futuro da mesma.

Na miña mesa estaban: Fani (mundo da danza) , Anxela Caramés (comisaria, crítica de arte) Mercedes Peón (cantante), Manuel Lourenzo (teatro), Laura (artista , tamén membro de Extramuros), Cheres? (coreógrafa), Pablo Rodríguez (director Rosalía de Castro), Crisitina Ameijeiras (bibliotecaria), Ana Fernández (Concelleira de Cultura) e Pepe Lado (Proxecto Cárcere)

Falouse de moitos e variados temas, dende que é cultura, ao papel da cultura nesta sociedade, da crise económica , da crise creativa, da implicación da sociedade e a comunidade no eido cultural ou da política cultural das Administracións...

Teño que dicir que a Concelleira chegou unha hora tarde máis despois non eludiu o debate.

Dicirvos, sinceramente, que penso que o noso proxecto interesou e avivou moito o debate. Cando chegou a Concelleira e sen que eu mencionase que falaba en nome de PC dirixiuse a min dicindo que tiñamos que entender que negociar coas Administracións é moi lento e que os pasos requiren aunar moitas vontades. Que no noso proxecto había cousas moi interesantes e que era unha moi boa experiencia, ¿?. Amablemente deille as grazas pero insistín en que eu persoalmente pensaba que o papel da Administración cando menos era facilitar as cousas e estimular e implicar á xente que se quere comprometer. A cousa xa derivou por outros temas tamén moi interesantes, por certo.

Ben, quédome en que case todos da mesa mostraron moito interese no noso proxecto e colaborarían no que puidesen. A Laura, de Extramuros, garantílle que PC estaría na convocatoria que nos fixeron para o día 16/05/13. Mercedes Peón tamén se interesou moito polo proxecto e ofreceuse a cantar dentro do cárcere. Díxome que xa o fixera hai anos, cando había presos, e que loxicamente foi unha experiencia imborrabel. Non daba crédito a que non se puidese acceder nestes momentos.

Ás conclusións da xornada xa non me puiden quedar. A ver se Tono fai un breve resumo.

Continuando co exposto polo camarada Lado, informo que na nosa mesa e debido ó barullo extraordinario que había no recinto á hora das presentacións, non puidemos saber ben os nomes das persoas ca compoñíamos. Estaba unha artista chamada Paula Cabaleiro, unha educadora social, a directora das bibliotecas municipais, unha animadora cultural do Forum, unha bailarina, un traballador do Teatro Colón, un dos fundadores de Extramuros, Ángel Rueda de S8 e Gandi (non Mahatma) o músico. A moderadora era Natalia, compoñente da asociación de profesionais da xestión cultural.

Destacaría que Proxecto Cárcere tamén tivo un protagonismo non buscado debido a que como é un conglomerado de ideas e proxectos, sempre hai alguén interesada/o no tema. De feito a educadora social comentou que estivo nas xornadas e que levou a rapaces novos en risco de exclusión social (destrozadores do cárcere) e que cando saíron da visita á prisión, comentáronlle a súa sorpresa de que houbera xente que coidaba o cárcere e semellaba que tomaban conciencia do que é respectar a nosa contorna.

O debate xirou arredor do tema cartos, quen fai cultura ou quen é o que a xestiona e de que xeito.

Ó remate desta conversa múltiple a moderadora comentoume preocupada que non tiñamos conclusións ó que lle respondín que iso era o de menos pois o máis importante era debater. Finalmente e nun alarde de destreza literaria sacou catro ou cinco conclusións da chisteira.

#### CONCLUSIÓN:

En termos xerais diría que unha parte ampla de xente que alí estabamos, quedamos escépticos cos plantexamentos xerais deste documento ampliable non se sabe cara onde. O mundo da cultura é quen de cambiar (coma todo o que nos arrodea) mais vai ser moi complicado devir nalgo concreto debido á cantidade de polución, intrusismo, endogamia e malas prácticas que teñen acontecido a día de hoxe.

Falouse das subvencións e de como poden chegar a marcar o destiño da obra de Arte. Ó serén dadas pola xerarquía, sempre está presente a dúbida de ata que punto coartan a liberdade creativa e diminúen os folgos contestatarios das persoas creadoras cara a obter unha nova subvención na seguinte convocatoria que aconteza.

Outra das teimas foi o xeito de comunicarse mellor. Xurdiu o tema dunha web pioneira que fixo a UDC hai 7 anos e que ten o esqueleto da wiki. Consta dunha clave para entrar e alí sería coma un taboleiro no que as distintas persoas intervintes deixan as súas ideas pra partillalas. Sufragouna a Deputación da Coruña mais cando foi presentada ó deputado de cultura, Celestino Poza, dixo que era unha bomba e desactivouna. Non se soubo máis de dita ferramenta.

Estivo presente tamén coma opción a seguir a N-1.

Finalmente, e vencellado ó anterior, comentou Mercedes Peón, que existe un movemento numeroso de xentiña que se adica a cantar no “serán” na recolleita, cantares labregos e que está ateigada de persoas maiores e novas que utilizan as plataformas web pero que tamén fan das quedadas a súa máis potente ferramenta para serén cada vez máis e mellores.

Remato cunha reflexión: dende tempos inmemoriais a cultura con maiúsculas e con minúsculas sempre foi feita pola xente dun xeito absolutamente natural acorde ás leis cosmogónicas.